

Narrativa

Amazónico mergullo

Xavier ALCALÁ

A vida vai coma un río, como escribiu don Álvaro Cunqueiro. Alá van dez anos –ou máis– dun episodio que ten a súa parte de fantástico, e do que teño notas en caderno de viaxe.

Adiántolle ao amable lector que a miña relación co Brasil é moi vella. Os galegos de nación (ou de adopción, como é o meu caso) criámonos “sabendo” de Cuba e da Arxentina, mesmo a falar con familiaridade da Habana e de Buenos Aires. Non era tan común falarmos do Brasil, a onde tamén se transfundiú moito sangue galego. O Brasil para nós era un mundo de selvas, de aventuras. Era tamén –xa na Ferrolterra da miña crianza– un país de grandes cidades coloridas e musicais onde os mariños coleccionaban amores de sospeitosa condición comercial.

De rapaz mal podía eu imaxinar o que os anos e as viaxes me levarían a coñecer un Brasil de ermos durísimos (Rio Grande do Norte) ou de pampas onduladas, con gauchos –alá *gaúchos*– e tropas de vacas (Rio Grande do Sul). Para axudar ao tópico, ocorreu que un colega de instituto tiña unha curmá no Brasil que lle mandaba libros ignorados en España. Lembro aínda algún de título que xa explica todo: *Ouro e paixão nos rios amazónicos...*

Nos tempos do instituto Concepción Arenal de Ferrol o Amazonas converteuse para min nunha experiencia inescusable. Mais, curiosamente, por razón da miña arxentinidade consorte, eu iría entrar no Brasil polo Paraná selvático e espléndido. Ese foi o meu primeiro contacto coas breñas brasileiras.

Logo diso viñeron saltos e estadas en lugares diversos do enorme país que se mantén unido pola forza dunha forma de lingua galega evoluída. Ficaba pendente –insisto– o Amazonas, e de aí a miña ledicia cando me vin convidado a un congreso iberoamericano en Manaus, no que se ía falar da área de coñecemento en que me empeñaba nesa altura: a das linguaxes de máquina con metadatos, que poden ser entendidas ao tempo por ordenadores e persoas.

Alá fun, máis ca ledo. Sabía que ía atoparme

coa Margarida Ledo, co Xosé Antonio Neira Cruz e con algún amigo máis, non tan botado á literatura coma min. Xa antes de saírmos para as Américas falámonos e ficamos en que, sucedese o que suceder, non nos ía faltar un mergullo na selva...

Inesquecible congreso, por unha anécdota e mais por unha idea que se convertería en facultade da Universidade da Coruña.

Anécdota:

Saiban os lectores (a quen supoño en boa parte estudantes de galego en Madrid) que nas falas galaico-portuguesas hai tres palabras de usos excretivos e sexuais, “cona”, “carallo” e “cu”, comúns e coincidentes na orixe, exclusivamente galega.

Para os galegos, “cona” é unha palabra forte. Dise “¡cona!” como interxección fea, “¡cago na cona!” case como blasfemia e “¡a cona que te pariu!” para ofender a mantenta. Como curiosidade semántica, o derivado “conacha” perdeu grosería na Ferrolterra masculinizándose: un “conacho” é un estúpido; e unha “conachada”, unha estupidez (todo paralelamente aos termos franceses *con*, *conard* e *connerie*).

Se o termo é malsoante en Galicia, moito máis en Portugal, onde se substitúe por algo tan exclusivo da Gallaecia histórica coma “grelo” (os portugueses fican desconcertados ante o nome dun restaurante de luxo coma o que preside Monforte de Lemos desde as alturas da fortaleza, *O Grelo*. En Portugal cómpre falar dese legume en plural, “os grelos”).

Para os brasileiros, “cona” é palabra é brutísima, de dicionario de arcaísmos. O órgano feminino ten no Brasil nomes raros para os galegos. Por exemplo, “buceta”, que fai lembrar un tipo de lancha común nas rías.

Dito o cal, imaxínese a seguinte escena:

Entra a falar no congreso de Manaus un grande profesor mexicano, proxecta a diapositiva inicial e vese “CONACULTA” a encher a pantalla. Ao meu carón soa a primeira gargallada: é da Margarida Ledo. Atrás de nós escóitase fala

case avocálica de lisboetas: “Ó pá, mas isto tem imensa piada”.

Segunda diapositiva con explicacións en relambido “español” de México e alá segue –agora ao pé de imaxe– a “vulva ilustrada” para os galego-portugués-pensantes. A unha catedrática da universidade do Porto vaille mal de tanto rir.

Máis diapositivas co hilarante pé. Os que falan castelán preguntánnos por rimos a cachón. Damos as explicacións pertinentes, o acrónimo de *COsejo NAcional para la CULTura y las Artes* élles traducido como *COÑO CULTO* e agora corren as gargalladas pola fila que ocupan sisudos profesores de Salamanca...

Idea:

A idea vén da Universidade Estadual de São Paulo. Os brasileiros teñen moito de ianquis: non se deteñen en definicións históricas dos currícula. Cando aparece unha nova área de coñecemento, bótana a andar. Nos albores dos multimedia, eles idearon o curriculum de “conteuadistas”, creadores de *conteúdos* para sistemas multimediáticos: xente de Letras con altos coñecementos de linguaxes de máquina (precisamente con metadatos) que lles permiten adiantarse ao despregamento da interrede global (a Internet) e ao uso da web (arañeira de ligazóns con infinitas máquinas a serviren todo tipo de información textual, sónica e icónica).

Á volta do congreso, as conversas cos profesores de São Paulo conducirán a deliberacións dentro do Departamento de Tecnoloxías da Información e a Comunicación da Universidade da Coruña. Da idea escoitada en Manaus viría a creación da Facultade de Ciencias da Comunicación, con materias que fan os seus alumnos distintos aos do xornalismo tradicional. Entre esas materias, os Fundamentos Tecnolóxicos dos Multimedia, da que se veu ocupar quen isto escribe...

Notas de viaxe:

Manaus, cidade de película. Mito dentro dos mitos que naceu dun líquido branco, visguento, callado con fume. Logo da gutapercha que viña da India, o mundo soubo do látex que fluía das *seringueiras* na bacía amazónica. Despois os ingleses roubaron sementes da planta e a árbore do caucho foi medrar con éxito nas colonias británicas de Asia. Daquela, Manaus, no medio da selva, xa tiña o teatro de ópera que a fixo rica e famosa...

Xa pasou o congreso e uns poucos ficamos para coñecermos de preto o *sertão* húmido.

Rematou a temporadas das chuvias e o río Negro ofrece a súa inmensidade chea de secretos.



Saída de Manaus, cara ao mercado flotante

Alugamos un barquiño, o *Tá Luar* (ou sexa, *Hai Luar*); partimos do porto e imos polas augas escuras, inodoras, vastas coma as dun mar sen salitre, cara a un mundiño de cores e cheiros: o mercado flotante, establecementos sobre toradas tan desmesuradas coma o mato do que formaran parte. Recendos de comida, de especias, de plástico quente, de queroseno e suor.

Todas as razas humanas e as súas mesturas entrecrúzanse nese mercado. De xangada a xangada, cada unha coa súa especialidade a vender, van canoas estreitas e veloces. Onde poden, arriñan barcos coma o noso, redondotes, con hamacas baixo cuberta e cociña a popa. O noso guía advirte: “Cá a gente mede as viagens por días de río”.

Compramos xeo e cervexas para a xornada. O xaponés que as vende dános de balde un par delas aos que facemos o trámite. Sen perder un instante xa as abrimos e deixamos escorregar gorxa abaixo o líquido divinamente fresco. A marca, *Antártica*, soa a quimera ecuatorial. Logo deses grollos, dános a probar unha mestura *aflodisiaca* (sic) de indefinible sabor, que obriga a volver ao gusto ben coñecido da cervexa.

Todo pronto, o noso capitán explica que nos vai levar “ao encontro das augas”. Chámase Albertinho e ten dezaseis anos (“Dezesseis, não vinte e seis”, insiste o guía) mais xa é experto nun xogo que seica aprendera do pai, dono do barco. Seguro do manexo do leme e a hélice, roda nunha man e panca do “gás” na outra, condúcenos a un lugar onírico en compañía duns seres que fan esquecer os inventos do Disney. As augas mouras do Negro enguedéllanse coas barrentas do

Solimões. Dunhas para outras, nos dous sentidos, saltan golfiños grises, pequenos, de bico longo. Auga e partículas en suspensión, nubes líquidas de densidade, velocidade, temperatura e direccións diferentes, chocan, empúrranse e acaban apertadas, mesturadas, únicas.

O fenómeno de físico-química que vemos é unha alegoría do Brasil, parte extensa do Novo Mundo onde inmigrantes do Vello e indíxenas deste se xuntan, fan presión uns contra outros e destilan unha raza peculiar, con ADN de todas, que se define como brasileira. Por exemplo, o noso guía, o Sandro, é *caboclo*, fillo de india que xa non era aborixe de todo e dun italiano (que veu ata a capital da selva para traballar no teatro e acabou nunha cabana palafítica vendo pasar desde a hamaca as ondas do Solimões).

É difícil furtarse ao prodixio das augas turbulentas e dos golfiños choutadores, mais o Albertinho advirte de que o sol non rende moito nestas latitudes e todo está pautado na excursión. Cómpre buscar un canal do Negro e meterse na floresta. Hábil, enfía por un túnel entre árbores, os troncos a conectaren coas raíces por medio de contrafortes lígneos. A auga é case negra, de tanta folla en descomposición que leva; preta é a terra que vai deixando ao descuberto o principio da seca. Garzas brancas e azuis esperan pacientes, hieráticas, os erros dos peixes. Apágase o motor e o silencio cae sobre nós. Somos uns intrusos. Sabémolo. Untámonos de repelente de insectos. O guía salta a terra e amarra o cabo que lle lanza o capitán.

Recomendo aos colegas que escoiten o silencio falso da xungla. Hai medo certo na cara dun deles, que di algo sen sentido: seica non sabe nadar. Cálolle que a canle na que nos metemos pode estar chea de pirañas. A suor corre, líquida e grosa por todas as testas, as damas saben do desarranxo que iso supón e botan talco inutilmente.



Explorando as canles do río Negro.

Comemos, un peixe con sabor a terra que nos preparou a cociñeira do *Tá Lua*, mulata calada e sen nome. Por moi grandes que sexan os peixes de río, nin o surubí do Paraná nin o pirarucú do Amazonas, por moito que se traten bifés e costelas de semellantes monstros, pouco lle han saber a quen catou as especies carnosas do Atlántico Norte.

Consolámonos con cervexa, café e unhas pingas de *cachaça*. Coas camisas xa pegadas á pel pola suor, a xeito de verdadeiros exploradores do mato, entramos na canoa á procura dun lugar bo onde tentarmos pillar pirañas. Sandro advirte con linguaxe sinxela que nos debemos comportar serenamente. Eu tamén me poño serio. Cántolles aos pescadores o que me contaban os *fazendeiros* do sur: para pasaren os ríos coas boiadas sacrificaban unha vaca vella e atábana corrente abaixo. Ao cheiro do sangue lanzábanse os peixes voraces e deixaban en paz o arreo en canto durase o cadáver.

O silencio da breña énchese do runrún das cigarras que celebran a calor, dos gritos agudos dos macacos que flexionan as pólas das árbores, das chamadas de paxaros descoñecidos. Gaviáns viboreiros voan en silencio. Fungan insectos con mil nomes que o Sandro vai recitando. Soan élitros nerviosos. A selva inundada é unha lección de darwinismo: as especies das plantas especializáronse ata se faceren resistentes á enchente de todos os anos. Velas aí, ao noso arredor sen afogaren, vizosas.

Debemos calar a boca e enfiar carne podre, fedorenta, nos anzois. Alguén ten noxo e medo. Outros non. Alá van anzois e engados. Mais as pirañas, con aquelas bocarras asustadoras, levan as iscas e ficamos coas ganas de pillalas. Hai pouca sorte con elas, e aínda ben, porque cómpre sabelas tratar cando saen da auga. O Sandro encárgase das atrapadas, que deixa “amolecendo” (estertorando penosamente) nunha lata, co anzol posto. Caen máis doadamente *sardinhas de río* que –dinos o *caboclo*– dan para bo comer.

Afrouxan a luz e a calor cando volvemos cara ao barquiño coa nosa carga caprichosa, que a cociñeira saberá aproveitar pois as pirañas tamén se comen. Avanzamos por un espazo de soño onde as aves se cobren con carnavalescas combinacións de plumaxe. Son criaturas quiméricas. O *Tá Luar* céibase da amarra e aproamos a fóra do canal. Deixamos o sol por popa, xa metido no bosque altísimo cando entramos no mar de auga doce. Sobre o río xorde unha lúa entre brétemas,

e o luceiro vén furar eses vapores amazónicos. É a hora de encontrármonos cos *jacarés*, os crocodilos deste eido de auga e plantas.

A cociñeira preparounos unhas *caipirinhas* que levantan os ánimos esmagados pola calor, e corre brisa sobre as ondiñas do río. Respiramos e comentamos as experiencias vividas. Máis o día non acabou aínda: o capitán adolescente lévanos a un lugar na beira onde a luz branca da lúa só permite distinguir mato baixo, e, se cadra, canaval; bota áncora, apaga máquina e manda calar. Apenas se sente o fluír da auga cando o Albertinho acende un foco na ponte e con el percorre a liña de terra: a onde chega o feixe de luz xorden pares de luciñas todas xuntas, todas a rente da auga. Non fai falta preguntar se nos achamos nun lugar perigoso.

Recollemos áncora e a viaxe continúa iluminada pola luz branca do ceo. É a que nos permite imaxinar unha cabana grande sobre paus, á que nos diriximos. O Sandro responde á miña curiosidade: neste punto da conca amazónica hai unha diferenza de cinco metros na altura da auga entre a enchente e a seca.

Un mociño achégasenos en canoa, e entre el e o Sandro axúdannos a transbordar e a subir a escada á casa. De aí partimos novamente ao mato, agora de noite, fantasmagórico. Camiñamos asustados polas formas das lianas que penduran do arboredo, buscando un *igarapé*, entrada do río na selva, canle sen saída. As lanternas achegan luz onde falta a da lúa. O *caboclinho* amigo do Sandro alanca seguro porque coñece as formas das árbores. A selva mudou de rúidos, agora maniféstanse cazadores e presas nocturnos, o sapos dan berros de espanto. A selva –explícolle ao compañeiro máis próximo na fila– só para de soar á alba, cando uns bichos comezan o repouso e outros acordan. Custa afacerse a durmir nun sitio coma a casa do noso anfitrión.

Finalmente chegamos ao templo dos saurios, que volvemos distinguir polos pares de ollos que reflecten a luz das lanternas; e agora, de preto, tamén distinguimos as ventas polas que entra o aire aos pulmóns dos animais que esperan e esperan entre enchentas e dixestións. O rapaz, con valentía salvaxe, é capaz de agarrar algún *jacaré*

novo, inexperto, e traelo para nolo amosar. Pero son poucos e, para el, menor o lucimento. Séntese fracasado, descúlpase dicindo “Tá luar”. Curiosa explicación (os caimáns escapan da lúa) que coincide co nome do noso “barco privativo”...

Máis peixe na mesa mentres navegamos de retorno. Alá van de petisco as sardiñas de auga doce, de novo insípidas para quen comeu as que pingan no pan polo san Xoán. O prato forte son costelas de peixe, tambaquí, espectaculares mais esquecibles para o padal. Pouco a pouco van xurdindo as luces de Manaus sobre a barranca do río Negro.

Logo de aseármonos no hotel, recivilizados, imos a un espectáculo musical no Teatro Amazonas, símbolo do esplendor nos tempos da *borracha*, do caucho que viña baixando desde a Bolivia e o Perú. A montaxe escénica é local, linda, harmoniosa, unha loanza á Amazonía con coroas de plumas nas cabezas dos figurantes. Nos seus rostros, as combinacións de mestizaxes que fan do Brasil unha casa para todos os humanos (aparentemente porque, facendo estatística, quen goberna é branco e ben formado).

Na fin da xornada, a última *caipirinha* e comentarios sobre o paseo. Soubo a pouco. Fican saudades. Terá que haber máis. O problema da vida da xente con profesión é que non dá visto todo o que quixera da Boliña Azul, que só ten corenta mil quilómetros de perímetro.

Con todo, que non falte a ilusión; nin a vontade de aproximármonos aos nosos soños.



Profesores López, Alcalá, Ledo e Neira
a bordo do Tá Lua